

APROXIMACIÓN Á HISTORIA DA IGREXA GALEGA (1939-1975)

CAMIÑOS PARA UN ANÁLISE

Por Francisco C. CARBALLO

Preámbulo

As mutacións globais que estamos a presenciar provocan interogantes como este: ¿cál é a tarefa dos galegos cristiáns na procura dunha nova sociedade?; ¿qué indicadores podemos encontrar na liña doutrinal e na praxe da nosa Igrexa nestes últimos tempos?

Eis as motivacións pra un intento de historiar o paso da Igrexa na Galiza franquista. A recolleita de datos mostra esta primeira aproximación que aquí oferezo.

Semellante estado de busca dáse a nivel do Estado español. Xa son varias as respostas de investigadores individuais e de equipos. O intento mais firme de resposta ven dando o ISPA de Barcelona ⁽¹⁾ baixo unha perspectiva sociolóxica; un fruto madurecido das xeirras do ISPA foi a aportación á XIII Conferencia Internacional de Socioloxía Religiosa (Lloret de Mar, 31-VIII a 4-IX de 1975), editada posteriormente no volume **Cambio social y religión en España**. A Fundación Juan March financiou as investigacións dun equipo que ven de publicar un volume complexo, **Iglesia y sociedad en España 1939-1975**, no que se pretende profundizar na realidade eclesial baixo diversos puntos de vista. Sínteses individuais, preferentemente de signo sociolóxico, acaban tamén de porse á venda ⁽²⁾. A máis completa, de talante histórico-teolóxico, ven ser a de Xosé Chao Rego; cun

- (1) ISPA: «Instituto de Sociología y Pastoral Aplicada». Está dirixido por Rogelio Duocastella. A súa sede é: Amigó 17, Barcelona-6. Ten no seu haber unha ampla colección de obras sobre diferentes partes de España, especialmente análises moi completas do mundo catalán.
- (2) VARIOS, *Iglesia y Sociedad en España 1939-1975*, Editorial Popular, Madrid 1977; José CHAO REGO, *La Iglesia en el franquismo*, Felmar, Madrid 1976; Santiago PETSCHEN, *La Iglesia en la España de Franco*, Sedmay, Madrid 1977. Sobre o nacional-catolicismo poden verse, entre outras obras: Alfonso Álvarez BOLADO, *El experimento del nacional-catolicismo*, Cuadernos para el Diálogo, Madrid 1976; J. GONZALEZ ANLEO, *Catolicismo nacional nostalgia y crisis*, Ed. Paulinas, Madrid 1975. Son tamén moi clarificadoras as dúas obras «A santa Mafia» e a «Santa Casa», publicadas pola editorial Ruedo Ibérico, de París.